

A profesionalización afástase na literatura galega

Redacción | 06 de Outubro de 2014



Delegación da AELG

central dos debates.

A diferenza das situacións das literaturas galega, vasca e catalá quedou á vista no encontro Galeusca que se desenvolveu esta fin de semana en Barcelona. No caso galego, a profesionalización da escrita albíscase cada vez máis difícil.

“A distancia, en especial, con respecto ao caso catalán é grande polo que atopar puntos de conexión é difícil”, sinala o presidente da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega á volta da xuntanza anual do Galeusca que desta volta se desenvolveu en Barcelona co tema da profesionalización como

No caso galego, Cesáreo Sánchez destacou das xuntanzas, nas que tamén participou a secretaria da asociación Mercedes Queixas xunto con Suso de Toro e Leticia Costas, valorouse que a profesionalización é cada vez máis difícil no ámbito da literatura galega. “Os bos froitos da situación actual da literatura no nivel creativo ‘-á altura de calquera literatura Europea- son resultado de vinte ou trinta anos dun proceso que se foi conseguindo mais que agora se está a derrubar. A consecuencia do retroceso da lingua galega no ensino conlevará unha perda de lectores que afectará tamén na produción literaria e editorial”, sinala o presidente da AELG. Comparte tamén a aclaración da avogada e escritora Leticia Costas que defendeu que o concepto de profesional non está, no noso caso, vinculado a vivir da escrita, o que practicamente non é posíbel, senón á propia consideración e dedicación profesional á literatura.

“En vinte anos haberá menos escritores, menos lectores e, polo tanto, menos posibilidades de profesionalización. Esta situación nosa contrasta cos avances en Euskadi e Catalunya”, destaca Cesáreo Sánchez Iglesias.